

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se aprobó a declaración do alarma publicado no BOE de data 14 de marzo de 2020.

Visto que o 28 de marzo de 2020 publicouse no BOE Resolución de 25 de marzo de 2020, do Congreso dos Diputados, polo que se ordena a publicación do Acordo de autorización de prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, de tal xeito que queda prorrogado o estado de alarma ata ás 00:00 horas do día 12 de abril de 2020.

Visto que o 28 de marzo de 2020 publicouse no BOE a Orde Ministerial do Ministerio de Sanidade: SND/295/2020, de 26 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19, que expresamente dí:

“Todo el personal de servicios sociales, independientemente de que ya esté prestando sus servicios en la modalidad de teletrabajo u otras, deberá estar disponible para ser requerido en cualquier momento para la prestación de tareas presenciales, con excepción de aquellas personas que se encuentren en situación de aislamiento domiciliario por COVID-19. Lo anterior afecta también al personal administrativo mínimo imprescindible para el desarrollo de los servicios”.

Visto que no BOE de 29 e marzo publícase o Real Decreto lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, con fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, e que na súa Disposición adicional primeira literalmente di:

Empleados públicos. El Ministerio de Política Territorial y Función Pública y los competentes en las comunidades autónomas y entidades locales quedan habilitados para dictar las instrucciones y resoluciones que sean necesarias para regular la prestación de servicios de los empleados públicos incluidos en el ámbito de aplicación del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, con el objeto de mantener el funcionamiento de los servicios públicos que se consideren esenciais.

Polo tanto, nesta disposición habilitase ao Concello de Muras para que mediante a presente Resolución se regule a prestación dos servizos dos empregados públicos co obxectivo de mater o funcionamento dos servizos pñublicos que se consideran esenciais.



No uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a) e h) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local para a dirección do goberno e da administración municipal e a Xefatura do persoal

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Todos os empregados públicos do Concello de Muras que desenvolvan actividades administrativas, en concreto:

- Secretaria-Interventora
- Administrativo
- Educadora social
- Traballadora social

seguirán exercendo as función do seu posto de traballo mediante a modalidade de teletraballo ou traballo a distancia dende seus domicilios e percibirán as súas retribucións actuáis e non terán dereito ao permiso retribuído para as persoas traballadoras de servizos non esenciais.

A traballadora social, de conformidade ca Orde do Ministerio de Sanidade ten que estar disponible para ser requerida en calquera momento para traballar presencialmente.

SEGUNDO.- Considéranse persoas traballadoras de servizos esenciais que deberán seguir traballando de maneira presencial e que non teñen dereito a permiso retribuído porque desenvolven servizos esenciais no Concello de Muras:

- O persoal do servizo para o mantemento e reparación de averías urxentes, en concreto D. Domingo Pardiño Trastoy. Organizarase entre o Alcalde e o traballador os turnos correspondentes co fin de manter a actividade indispensable nos termos do artigo 4 do Real Decreto lei 10/2020, de 29 de marzo.
- Os empregados do servizo de atención cidadá, D. José Antonio Castro Sierra e Dona Tamara Vazquez Montes, de 9 a 14.30 horas a porta pechada para rexistrar as solicitudes de entrada e rexistrar as saídas de documentos.
Organizaranse os turnos correspondentes pola Alcaldía co fin de manter a actividade indispensable nos termos do artigo 4 do Real Decreto lei 10/2020, de 29 de marzo

TERCEIRO.- O resto dos traballadores (D. Julio Díaz Díaz, D. Manuel López Souto, D. José Manuel Pardiño Reigosa e D. Bertín Pita Carballido) gozarán mediante a presente resolución dun permiso retribuído recuperable e de carácter obrigatorio dende o día 30 de marzo de 2020 ata o día 9 de abril de 2020.

O presente permiso conleva que as persoas traballadoras conservarán o dereito á retribución que lles houbera correspondido de prestar seus servizos con carácter ordinario, incluíndo o salario base e as retribucións complementaria (si as houbera).

A forma de recuperación das horas do permiso retribuído despois do estado de alarma e ata o 31 de decembro de 2020 será obxecto de negociación cos traballadores nos termos do artigo 3 do RDL 10/2020, de 29 de marzo.



CUARTO.- En canto ao resto de servizos esenciais (subministro auga, recollida lixo,...) estes seguiranse prestando.

QUINTO.- Notificar a presente resolución a todos os empregados públicos do Concello de Muras.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, dona Silvia Lamelas Soto, como Secretaria dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018, de 16 de marzo).

